

I Encontro de cooperación, voluntariado e interculturalidade

Entre os días 24 e 25 de outubro, celebrouse o I Encontro de Cooperación, Voluntariado e Interculturalidade, organizado pola Concellaría de Mocidade e Voluntariado do Concello de Culleredo. Estas xornadas incluíron actividades lúdicas, como concertos, exposicións e degustacións gastronómicas, con actividades de carácter formativo e divulgativo: conferencias e obradoiros.

participou nunha mesa de experiencias, onde Ángeles Silva, tesoureira, e Rosa Villaronga, técnica responsable da área de proxectos, expuxeron as diferentes actividades de cooperación que o Fondo Galego desenvolve en Cabo Verde. Ademais, presentouse publicamente o proxecto «Apoio á implementación de políticas públicas locais con perspectiva de xénero», que conta coa axuda financeira do Concello de Culleredo. O tal proxecto, que está a ser executado polo Instituto Cabo-verdiano para a Igualdade e Equidade do Género (ICIEG), en dúas municipalidades con perfís claramente diferenciados: Paúl, localidade rural, e Praia, cidade capital do arquipélago. Trátase de elaborar para cada unha destas municipalidades un Plano de Igualdade e Equidade de Xénero, contando coa participación de representantes políticos e da sociedade civil. Posteriormente, producirase un encontro de concelleiras e concelleiros galegos no país africano, a fin de se intercambiaren experiencias en relación ao xénero no ámbito municipal. Finalmente, unha delegación cabo-verdiana visitará o noso país para nos presentar os Planos definitivos que serán implementados.



De esquerda a dereita: Rosa Villaronga (Secretaría Técnica), Beatriz Pérez Mosquera (Concelleira de Mocidade e voluntariado), Ángeles Silva (Tesoureira do Fondo Galego).

Programa de formación do Fondo Galego



Imaxe do primeiro curso de formación en Cooperación e Solidariedade, nas xornadas celebradas en Vigo

Durante os meses de novembro e decembro desenvóléronse os cursos Cooperación Internacional I e Educación para o Desenvolvemento I, nas cidades de Vigo, Santiago, Allariz e Lugo. Os cursos dirixíronse ao persoal dos Concellos e Deputacións vinculado ao Fondo Galego, con tres obxectivos fundamentais:

- Promover un maior entendemento da cooperación para o desenvolvemento, esperando deste modo potenciar un compromiso máis intenso e mellor orientado co Fondo Galego.
- Dispor de maiores e mellores coñecementos á hora de trasladar á sociedade civil galega a importancia da cooperación para o desenvolvemento e os modos en que se pode participar nesta área.
- Familiarizar o persoal con conceptos, ideas e procedementos utilizados no Fondo Galego, de modo que o traballo entre os Concellos e o Fondo Galego sexa cada vez máis fluído e coordinado.

A participación nesta primeira fase de desenvolvemento dos cursos está a ser máis baixa do desexado, polo que animamos de modo encarecido a participar no segundo nivel: pola importancia dos obxectivos que se veñen de referir, polo amenas e dinámicas que están a resultar as aulas e porque a asistencia ao 50% das mesmas dá dereito a certificación acreditativa da Escola Galega de Administración Pública.

O segundo nivel destes cursos, Cooperación Internacional II e Educación para o Desenvolvemento II, terá lugar durante os primeiros meses do vindeiro ano. As datas e lugares definitivos en que se desenvolverán serán dados a coñecer a través do noso web, do correo electrónico e contactos telefónicos.

Reunións da Rede Municipalista Solidaria

As reunións da Rede Municipalista Solidaria do ano 2008 desenvolvéronse en Allariz, Ferrol, Betanzos, Lugo, Boiro, Poio e Mos. Ao seu través rendeuse conta de todas as actividades desenvolvidas polo Fondo Galego nos ámbitos de proxectos e sensibilización, pondo especial énfase nesta última área, cuxa efectiva implementación require inexorablemente da participación do persoal municipal asignado para traballar co Fondo Galego.

Nas reunións tentouse transmitir a necesidade de se desenvolver unha estrutura máis sólida, comprometida e dinámica que aumente en cantidade e calidade as actividades de sensibilización desenvolvidas en Galicia. O que pasa pola máis intensa implicación dos Concellos socios, auténticos protagonistas do Fondo Galego. Neste sentido, cabe lamentar a notablemente baixa participación nalgunha das reunións.

Recolléronse suxestións, dúbidas e críticas, a través das intervencións das e dos participantes nas reunións e dunha breve enquisa. Elementos que serán analizados coa maior dilixencia, atención e rigor, a fin de mellorar o traballo do Fondo Galego en xeral e do labor da súa Secretaría Técnica en particular.



Momento do encontro da Rede Municipalista en Mos.

Exposicións do Fondo Galego



Continúan ao dispor as exposicións “Dez anos con proxectos”, “A Paz cuestión de Fondo” e “Obxectivos do milenio”. Convidámosvos a seguir solicitándoas coa maior asiduidade. Lembraide que canto antes as pidades, máis fácil será que as datas que prefirades estean libres.

As exposicións constitúen unha boa ferramenta para a sensibilización cidadá en relación á importancia da cooperación ao desenvolvemento, os factores que causan o subdesenvolvemento, e a importancia de traballar por un mundo máis xusto. Podedes encontrar informacións completas de cada unha das exposicións no web do Fondo Galego.



A Secretaría Técnica está a traballar para reeditar os materiais complementares que acompañan as exposicións e que se esgotaron. Do mesmo modo, advírtese que se está a desenvolver unha unidade didáctica en formato Cd dedicada á promoción dunha Cultura de Paz, que estará dispoñible a partir do mes de xaneiro. Este Cd, aínda que inicialmente pensado para acompañar a exposición A Paz Cuestión de Fondo, poderá ser perfectamente utilizado de modo independente.



Fondo Documental de Cooperación e Sensibilización

A partires do vindeiro ano 2009, estará a disposición dos nosos socios un Fondo Documental con recursos bibliográficos e audiovisuais relacionados coa cooperación e solidariedade. Estará constituído por máis dun cento de libros e varias decenas de filmes e documentarios sobre subdesenvolvemento, comercio xusto, Paz, codesenvolvemento, globalización económica, racismo, etc. A partir das primeiras semanas do ano próximo será colgada unha listaxe das obras adquiridas no sitio web do Fondo Galego. Ademais, en próximos boletíns iremos abordando con pormenor algunhas das obras que consideramos de maior interese.

Todo este material poderá ser emprestado aos Concellos que o solicitaren.

Identificación en Mozambique

A partir do 19 de novembro e durante 11 días o Fondo Galego realizou a súa primeira misión de identificación a Mozambique, realizada pola responsable da área de proxectos da Secretaría Técnica do Fondo Galego, téndose contado co apoio financeiro do Concello de Vigo.



Francisco Mabjaia (ANAMM) e Rosa Villaronga (Secretaría Técnica).

Os obxectivos da misión consistiron en identificar parceiros e proxectos que permitan ao Fondo Galego aproveitar sinerxías e complementar as accións con aqueles actores de cooperación ao desenvolvemento e parceiros locais de capacidade demostrada e presenza no terreo. Quérese, deste modo, atinxir a realización de intervencións de calidade e maior impacto. Os eidos de actuación establecidos son o Bo Goberno, Descentralización e Desenvolvemento Económico Local, e os ámbitos xeográficos priorizados, as Provincias de Gaza e Maputo.

Para a consecución destes obxectivos mantivéronse reunións con actores estratéxicos a nivel local, nacional e internacional: Consello Municipal de Xai Xai (Gaza) e Matola (Maputo), Dirección Nacional de Desenvolvemento Rural (Ministerio de Planificación e Desenvolvemento), Oficina Técnica de Cooperación (AECID) e Programa ART-PAPDEL (PNUD), entre outros, e realizáronse diversas visitas de carácter técnico a proxectos de desenvolvemento en execución e outras xa programadas como posibles parcerías.

Como prioridade estableceuse a procura de parcerías baseadas na complementariedade e a coordinación coas accións de actores xa asentados no terreo. Tamén a eficiencia das intervencións, a selección dos proxectos, e por outra banda, co obxectivo da identificación de posibles accións a desenvolver, puidéronse visitar algúns proxectos xa en execución e outros que abrían as portas a unha posible parcería co Fondo Galego.



Axencia de Desenvolvemento Económico Local (Maputo)



Como é sabido, o programa Vacacións con Traballo, cuxa primeira edición tiña lugar en 2006, ten como obxectivo principal animar o persoal dos concellos socios a coñecer e participaren, de primeira man, no desenvolvemento dos pobos do Sur. No presente ano, viaxaron catro persoas, a Cabo Verde, Cuba, Nicaragua e Perú, entre os meses de setembro e decembro. A seguir daremos conta brevemente das experiencias de tres delas, deixando a da cuarta, María Luísa Alcalá-Zamora, que viaxou a Cuba, para futuras informacións sobre o programa, no web, na terceira edición do caderno Experiencias Solidarias, que será editado nos primeiros meses do ano próximo, e en eventos divulgativos que serán organizados ao efecto.

A experiencia de Susana Maceiras en Cabo Verde

Susana Maceiras Pérez, responsable e asesora no departamento de Benestar social, Xuventude e Igualdade da Deputación de Lugo, viaxou a Nicaragua durante o mes de Outubro e desenvolveu o seu traballo no Instituto de Promoción Humana (INPRHU). O seu traballo desenvolveuse no municipio de Somoto, departamento de Madriz, e Nueva Segovia. INPRHU-Somoto dirixe na localidade proxectos que apoian as comunidades indíxenas e fortalecen os gobernos locais. O municipio de Somoto está situado na zona fronteiriza con Honduras, onde hai unha importante problemática relacionada coa trata de brancas e a explotación sexual e laboral.

Susana participou nos departamentos que integran o programa PRODUM, programa para a promoción dos dereitos humanos, que se centra en catro ámbitos fundamentais: Traballo infantil, Defensoría, Amigos Solidarios e Famisalud. Susana tivo a oportunidade de participar durante as catro semanas da súa estada en todos os programas.

Na área de traballo infantil tivo a oportunidade de dedicarse exclusivamente a evitar posibles situacións de explotación laboral de nenos e nenas entre a poboación de risco. No ámbito da Defensoría afrontou a problemática derivada da explotación laboral e infantil e participou na capacitación de líderes comunitarios. No ámbito de traballo de Amigos Solidarios, Susana xestionou de primeira man o proxecto relacionado cos nenos e nenas de Somoto, escoitando as súas problemáticas e apoiando as iniciativas relacionadas co seu desenvolvemento. Dentro do marco do programa Famisalud, Susana puido comprobar como se traballa na área da saúde e as condicións hixiénicas das familias: capacitación de parteiras, charlas para as familias, instalación de latrinas e potabilización de augas entre outras actividades.

“Comprobei a calidade das persoas e a súa destreza para seren tremendamente acolledoras no persoal e tremendamente profesionais no laboral, e descubrín no meu parceiro, INPRHU Somoto, a capacidade para rendibilizar recursos, coordinar vontades e cumprir obxectivos.” Susana Maceiras Pérez.



Dúas fotos de nenas e nenos que se benefician do extraordinario labor de cooperación desenvolvidos por INPRHU en Nicaragua. Na primeira delas, Susana aparece tomando medidas a un dos nenos.

A experiencia de Chus Gutiérrez no Perú

Chus Gutiérrez viaxou ao Perú no mes de Outubro para colaborar con Tierra de Niños nos programas que desenvolve para o apoio á infancia e a xuventude. Chus Gutiérrez, educadora social do Concello da Coruña, cualifica a súa experiencia de “marabillosa” e define o seu traballo en Tierra de Niños como “ unha sorte” ao “poder colaborar cunha ONG que traballa ao 200% nos seus proxectos, con xente moi implicada e concienciada co seu traballo e cos obxectivos da institución”.

Chus participou fundamentalmente no Programa Proniño, centrado no apoio escolar e o desenvolvemento de habilidades sociais na infancia. Colaborou en todos e cada un dos procesos do programa, desenvolvendo sesións de xogos e actividades directamente coas nenas e nenos, e formando os voluntarios que traballan coas crianzas. Visitou, ademais, diversos proxectos financiados polo Fondo Galego, como a reconstrución dun colexio na localidade de Cañete e o programa de Turismo Solidario de Pachacamac.

“A experiencia máis bonita vivina coa entrega dos uniformes e materiais escolares. Compría facer paquetes cunha mochila e unha chaqueta ou xerseí, o que correspondese en función do colexio, e pór o nome do menor, agrupalos por cursos escolares, etc.

Isto levounos bastantes horas, e é curioso, porque non tomas consciencia do que estás a facer ou, mellor, do que iso vai significar. Após un par de horas, continúas a empacotar por inercia e, despois, cando vas aos colexios, ves esas caras de alegría e emoción que son increíbles. Eses nenos que te abrazan, que te bican, que agradecen, que se emocionan... Teñen o seu equipo escolar, que consiste na mochila, uniforme, útiles escolares e equipo hixiénico, que facilitan e motivan a súa vida escolar, evita que teñan que traballar para pagar todo iso, e poden ser iguais ao resto dos seus compañeiros” Chus Gutiérrez.

A experiencia de Inmaculada Diego en Cabo Verde



Reunión das Redes de Atendimento ás Vítimas de Violência Baseada no Género (VBG), na que Inmaculada, con camisola rosa no centro da fotografía, interveu para achegar a súa experiencia en materia de xénero.



Detalle do Mercado de Assomada, que ten lugar nos sábados pola mañá no mesmo centro da Illa de Santiago.



Visita en Cidade Velha, unha pequena vila perto de Praia, a capital de Cabo Verde, aos obradoiros que se levan a cabo entre a Asociación para a Cooperación con Cabo Verde, organización e o ICIEG. Neste caso, un obradoiro de teares, coa fin de capacitar as mulleres da zona en actividades destinadas ao fomento dun turismo alternativo, que poña en valor a riqueza da zona.

Inmaculada Diego Covelo, técnica en inmigración do Departamento de Benestar Social do Concello de Nigrán, viaxou a Cabo Verde para axudar no seu traballo ao Instituto Cabo-Verdiano para a Equidade de Género (ICIEG), que desenvolve políticas de información, sensibilización e capacitación en materia de xénero de funcionarios da administración pública, de organizacións non gobernamentais e da sociedade en xeral.

Elaborou un dossier de lexislación española e outros documentos de traballo encamiñados a promover boas prácticas en materia de xénero, adaptándoos á realidade Caboverdiana, fundamentalmente relacionados coa violencia de xénero. Ademais, estivo desenvolvendo actividades relacionadas con ámbitos da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que poderán contribuír á abertura, por parte do ICIEG, de novas liñas de actividade no futuro, como o sexismo na linguaxe ou a igualdade de oportunidades no ámbito empresarial e dos recursos humanos.

Doutro lado, tivo ocasión de visitar algúns proxectos que se están desenvolvendo no arquipélago pola Asociación para a Cooperación con Cabo Verde, dirixida por persoas galegas e xa con abundante experiencia naquel país, que se están a traballar nas áreas de muller e de menores en situación de risco social

“Nunca esquecerei o caluroso e afectuoso acollemento que me deron en Praia, a capital de Cabo Verde, onde estiven vivindo durante ese mes, ademais de ter a posibilidade de coñecer, nos tempos libres que tiña, a cultura e a forma de vivir propia dese fermoso e, xa agora para min, especial e inolvidable país, cheo de contrastes” Inmaculada Diego.



Chus participando nunha mesa de voluntarios en Abancay, realizando un estudo de caso para identificar posibles vías de intervención.



Chus Gutiérrez, en Ayacucho, impartindo un obradoiro baseado nun xogo de cooperación co obxectivo de fomentar a confianza do grupo.

O INPRHU visita Galicia

O INPRHU (Instituto de Promoción Humana) é un dos parceiros con que traballa o Fondo Galego en Nicaragua. O país centroamericano vén sendo un dos destinatarios prioritarios da cooperación nos últimos anos e para amosar o labor levado a cabo, durante todo este tempo, visitaron Galicia dúas compoñentes do equipo. Entre o 14 e 23 de novembro, Rosario María Cáceres Leiva –responsable do Programa de Educación Alternativa Rural- e Nellys Reyes Gutiérrez –graduada do Centro de Educación Alternativa Rural- amosaron o funcionamento dos proxectos desenvolvidos no seu territorio, nunha serie de charlas, coloquios e reunións.



De esquerda a dereita: Nellys, María Méndez e Rosario, durante unha rolda de prensa no Concello de Vigo

Madrid, fronteirizo con Honduras-. A esta e outras actividades fixeron referencia Nellys e Rosario nunha semana na que deron a coñecer o seu, mentres aprendían un pouco do noso.

Rosario e Nellys chegaron a Vigo despois dun día de viaxe, e nesa primeira xornada acudiron á presentación teatral de «Arte», do grupo Fulano, Mengano e Citano. O segundo día visitaron Vilagarcía e a illa de Arousa, e dende entón percorreron Galicia dando conta de todo o que o INPRHU realiza en Nicaragua.

O luns 17, aproveitando a reunión da Rede Municipalista en Mos, Nellys e Rosario explicaron o seu cometido na ONG da



De esquerda a dereita: Nellys, Encarna Otero e Rosario, na Consellería de Vivenda e Solo, en Compostela

O mércores 19, a representación nicaraguana en Galicia visitou as instalacións do Fondo Galego en Baiona, e reuniuse cos representantes políticos do goberno municipal baionés. A mediodía, amais de participar na reunión da Rede Municipalista, Rosario e Nellys ofreceron un coloquio na Casa Rosada, do concello de Poio, onde máis de cincuenta veciños coñeceron o traballo que INPRHU desenvolve en Nicaragua. Para rematar a xornada, dende Poio ofreceuse unha visita guiada por Combarro e Pontevedra.

Vigo foi a cidade dende a que se propagou o desenvolvemento en Nicaragua na xornada do xoves 20. Unha rolda de prensa pola mañá e unha conferencia pola tarde, na Casa Galega da Cultura foron os escenarios. Xa para rematar, o venres 21 houbo reunións en Compostela, empezando por Encarna Otero, da Consellería de Vivenda, e seguindo por Fabiola Sotelo, directora de Cooperación Exterior. Pola noite, Nellys e Rosario impartiron unha clase, encadrada no programa da Mestría en Cooperación da Universidade de Santiago, e deuse así por rematada a semana de actividades, que o sábado se limitou a unha visita pola capital galega e a Baroña, marchando cara a Madrid o domingo 23.



Nellys e Rosario, xunto a Pilar Gallego, durante a charla que tivo lugar en Allariz

O mal de chagas é unha das enfermidades endémicas que máis afecta á poboación rural da América Latina. A Organización Mundial da Saúde estima que preto de vinte millóns de persoas acaban infectadas anualmente, e ao redor de 50.000 morren, por culpa dos insectos causantes da transmisión dos parasitos, que habitan en animais domésticos e chegan a contaminar alimentos e aniñar nas casas.

Unha medida preventiva, para extinguir a enfermidade do chagas, é a mellora das condicións de vida das comunidades rurais; motivo polo que se investiron 308.770,26 de euros na comunidade chorotega de Totogalpa –no departamento de



Coloquio na Casa Rosada, en Poio, coa participación das dúas nicaraguanas e numeroso público

que forman parte, conversa que se trasladou, pola tarde, ao Colexio San Xosé da Guía, en Vigo. Neste último acto, un grupo de corenta estudantes esclareceu as súas dúbidas sobre o país e interesáronse por posibles colaboracións de voluntariado.

Os concellos de Ferrol e Allariz recibiron a Rosario e Nellys o martes 18; no último caso, preto de cen persoas acudiron a unha charla que, como no resto das ocasións, espertou a concienciación dos asistentes. Cómpre mencionar que Rosario, con preto de vinte anos de traballo no campo, e Nellys, beneficiaria dos proxectos, explicaron as dificultades ás que teñen que afrontarse, como son o ter que atravesar unha selva ou un río para chegar á escola despois de dúas horas de camiño.

Unha delegación do Fondo Galego visita o Perú

□ Tierra de Niñ@s é unha ONGD peruana coa que o Fondo Galego leva colaborando dende o ano 2006, coordinando diferentes proxectos, como son a creación dunha rede de turismo solidario e a reconstrución de áreas devastadas polo terremoto de agosto de 2007. Tierra de Niñ@s promove e fortalece a autonomía social dende a base, os máis novos, actuando en zonas de extrema pobreza, para así garantir os dereitos fundamentais da infancia e da mocidade.

Tres membros da Comisión Executiva do Fondo Galego, Alfredo Novoa, Isabel Rodríguez e Ángeles Silva, e máis o técnico de sensibilización, Moncho Iglesias, visitaron Perú coa intención de mellorar os lazos de comunicación entre Galicia e Perú, e visualizar os proxectos dos que o Fondo forma parte.

Durante o 26 de novembro e o 3 de decembro, a comisión galega puido comprobar o excelente labor realizado por Tierra de Niñ@s, que fixo un percorrido por todas as zonas de traballo. Así, visitouse o santuario inca de Pachacamac (o que dá vida, en quechua), e o Centro Cultural Killa Wasi (a sombra da lúa), ambos parte da ruta turística cofinanciada polo Fondo, así como o colexio de Cañete, onde se reconstruíron dúas aulas, nunha zona asolagada polo terremoto de 2007.

Os obxectivos da visita a Perú cumpríronse, confirmándose o nivel de implicación e participación dos membros de Tierra de Niñ@s, e alimentándose a gana de continuidade por parte do Fondo. Fortalecidos os vínculos, contamos con seguir contribuindo ao desenvolvemento endóxico do país andino.



Templo de Pachacamac, do século XV, pertencente ao estado Inca e na ruta turística; reconstruído coa axuda do Fondo Galego



Moncho, xunto a varios nenos do asentamento humano de Villa Salvador, unha das zonas nas que o Fondo Galego financia axudas para a mellora da habitabilidade do lugar



Cijac, Centro Cultural nos que os nenos do asentamento de Villa Salvador aprenden teatro e danza



Inauguración dunha aula de educación infantil no Colexio Cañete, esnaquizado tras o terremoto de 2007



Membros da executiva e da secretaría técnica do Fondo Galego, Tierra de Niñ@s e Colexio Cañete, durante o acto de inauguración dunhas aulas


A conta de emerxencia do Fondo Galego continúa aberta para Cuba

Continúa aberta a conta de emerxencia do Fondo Galego para facer fronte á demanda de axuda internacional en Cuba. A axuda canalízase para contrarrestar a devastación producida tralo paso dos furacáns Gustav e Ike durante o 30 de Agosto e o 9 de Setembro, nas provincias de Pinar del río, Holguín, las Tunas, Camaguey e Isla de la Juventud, que deixaron máis de 500.000 persoas sen fogar. A conta é unha xanela aberta para demostrar a solidariedade entre os concellos e deputacións de Galicia con Cuba, país ao que nos unen lazos afectivos e históricos de importantísimo calado nas dúas sociedades.



Destrución causada polo furacán Ike ao seu paso por Cuba

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Nº DE CONTA: 2091.0209.10.3040019000



Concellos: A Cañiza, A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Bueu, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Carral, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castroverde, Cedeira, Cerceda, Covelo, Corcubiión, Culleredo, Cuntis, Entrimo, Fene, Ferrol, Gome sende, Gondomar, Guitiriz, Laxe, Lousame, Lugo, Manzaneda, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Mos, Mugardos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Rosal, Oimbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribadavia, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago, Sarria, Soutomaior, Tomiño, Triacastela, Vere a, Verín, Vigo, Vilagarcía, Vilar de Santos, Viveiro. **Deputacións:** A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra.